



Concello de Camariñas



## CARACTERÍSTICAS DO PARO REXISTRADO NA COMARCA TERRA DE SONEIRA. Ano 2011


Este estudo elaborábase en base ós datos aparecidos na páxina web do Instituto Galego das Cualificacións, dependente da Xunta de Galicia, tendo en conta distintos indicadores do mercado laboral que fan referencia tanto ó paro rexistrado como ás contratacións realizadas na comarca.

O desemprego rexistrado na Comarca de Terra de Soneira no ano 2011 foi do **1.78 % do desemprego rexistrado na provincia**, porcentaxe algo inferior ó acadado no ano 2010 que foi do 1.86 %. O que amosa que o desemprego na provincia creceu algo máis aceleradamente que na comarca no 2011.

Atendendo á demanda de emprego por concellos, inscritos en decembro do 2011, Vimianzo conta cun 37.78 % (38.33 % no 2010) dos inscritos na comarca, Camariñas cun 36.93 % (36.28 % no 2010) e Zas cun 25.29 % (25.39 % no 2010). Este ano cómpre destacar que aumentou o porcentaxe de desempregados no concello de Camariñas (0.65 %) mentres que descendeu nos de Vimianzo (-0.55 %) e Zas (-0.10 %).

### O desemprego comarcal segundo a idade e o sexo

O paro da comarca ó longo do ano 2011 segue unha tendencia distinta segundo o sexo. No caso dos homes aumenta no segundo trimestre e diminúe no terceiro para aumentar de novo no derradeiro trimestre do ano. En canto ás mulleres, obsérvase unha diminución no número de desempregadas no segundo trimestre (pouco significativa xa que só se trata dunha persoa), aumentando no terceiro trimestre e diminuindo de novo no cuarto.



O desemprego afecta máis ás mulleres, acadando unha media porcentual do 50.12 % (52.62 % no 2010) fronte ó 49.88 % (47.38 % no 2010) de desemprego masculino,



Concello de Camariñas



FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE TRABALLO  
E BENESTAR



SERVIZO PÚBLICO  
DE EMPREGO  
DE GALICIA



Axencia de  
Desenvolvemento  
Local de  
Camariñas

ADL

producíndose a máxima diferenza porcentual a favor dos homes no terceiro trimestre do ano e a favor das mulleres no cuarto. Cómpre destacar que o desemprego masculino creceu un 2.5 % con respecto ó ano anterior. A media trimestral delas foi de 855 paradas, dato inferior á media trimestral do ano anterior (884). Os homes desempregados presentan unha media de 851, sensiblemente superior ós 796 de media trimestral do ano anterior. Estes datos explican o acercamento nos porcentaxes que se produciu este ano entre homes e mulleres xa que aínda que continúa a tendencia de anos anteriores de maior desemprego feminino este ano os porcentaxes están practicamente igualados habendo soamente unha diferenza dun 0.24 % .


**Cadro nº1: DESEMPREGADOS POR SEXO**

2011	Homes	Mulleres	TOTAL	PROVINCIA
<b>Primeiro</b>	845	847	<b>1692</b>	<b>97803</b>
<b>Segundo</b>	860	846	<b>1706</b>	<b>92323</b>
<b>Terceiro</b>	797	871	<b>1668</b>	<b>92540</b>
<b>Cuarto</b>	902	853	<b>1755</b>	<b>101652</b>

**Cadro nº 2: DESEMPREGO POR GRUPOS DE IDADE**

	- 25 anos	25-34 anos	35-44 anos	45-54 anos	55 e máis	TOTAL
<b>PRIMEIRO</b>	151	362	402	394	383	<b>1692</b>
<b>SEGUNDO</b>	169	360	386	385	406	<b>1706</b>
<b>TERCEIRO</b>	150	348	379	384	407	<b>1668</b>
<b>CUARTO</b>	151	382	409	405	408	<b>1755</b>

Se facemos tres grandes grupos de idade observamos que os maiores porcentaxes de desempregados se sitúan nos grupos de maiores de 45 anos cunha media de 46.49 % (45.12 % no 2010) e no grupo de entre 25 – 44 anos cunha media do 44.37 % de media do paro rexistrado (45.30 % no 2010). Por outra banda, os



menores de vinte e cinco anos acadaron de media un 9.14 % do desemprego comarcal (9.58 % no 2010). Este ano caracterizado pola crise económica a nivel mundial, o porcentaxe de desemprego aumentou nos maiores de 45 anos descendendo levemente nos outros dous grandes grupos de idade con respecto ó ano anterior.



Concello de Camariñas




### Cadro nº3: DESEMPREGO FEMININO POR GRUPOS DE IDADE

	- 25 anos	25-34 anos	35-44 anos	45-54 anos	55 e máis	TOTAL
<b>PRIMEIRO</b>	68	201	236	189	153	<b>847</b>
<b>SEGUNDO</b>	70	193	232	188	163	<b>846</b>
<b>TERCEIRO</b>	69	195	232	201	174	<b>871</b>
<b>CUARTO</b>	54	200	237	196	166	<b>853</b>

### Cadro nº 4: DESEMPREGO MASCULINO POR GRUPOS DE IDADE


	- 25 anos	25-34 anos	35-44 anos	45-54 anos	55 e máis	TOTAL
<b>PRIMEIRO</b>	83	161	166	205	230	<b>845</b>
<b>SEGUNDO</b>	99	167	154	197	243	<b>860</b>
<b>TERCEIRO</b>	81	153	147	183	233	<b>797</b>
<b>CUARTO</b>	97	182	172	209	242	<b>902</b>



O **paro feminino** caracterízase por ser superior ó paro masculino aínda que, como xa comentamos, este ano se igualan moito os porcentaxes de desempregados entre ambos sexos. O maior número de desempregadas con respecto ós homes atopámoslos

nos grupos de idade que van dos 25- 34 anos e o de 35 – 44. O grupo de entre 45-54 anos está bastante igualado con maior desemprego masculino. As maiores diferenzas a favor das mulleres observámolas no grupo de menores de 25 anos e entre os desempregados de 55 e máis. Neste último grupo probablemente a diferenza sexa debida a que a poboación activa é moi superior en homes respecto das mulleres que buscan traballo nesta franxa de idade.

Os maiores porcentaxes de **homes** desempregados sitúanse nos maiores de 55 anos, seguido do grupo de 45 - 54 anos. O período de descenso do paro durante os





Concello de Camariñas



FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE TRABALLO  
E BENESTAR



SERVIZO PÚBLICO  
DE EMPREGO  
DE GALICIA



Axencia de  
Desenvolvemento  
Local de  
Camariñas



meses de verán afecta especialmente ós menores de 25 anos e os de 25 – 34 anos e 45 – 54 anos. Hai que salientar que o ano anterior este descenso producíase nos grupos de 35 – 44 anos e o de 45 – 54.

## O nivel de instrución e desemprego

O nivel de instrución dos demandantes de emprego é moi baixo. Atopamos unha media dun 61.78 % (56.67 % no 2010) de desempregados que non teñen rematada a ensinanza obrigatoria. Un 23.15 % (27.92 % no 2010) só teñen a ensinanza obrigatoria e soamente un 3.11 % (2.80 % no 2010) de demandantes de emprego posúen titulación universitaria.

Atopamos neste ano que diminuíron o número de desempregados con formación media (0.7 % menos que no 2010), e aumentaron os de titulación superior (0,31 puntos), aínda que o paro segue a afectar maioritariamente ós desempregados sen ESO. A situación en relación coa provincia é claramente desvantaxosa para a Terra de Soneira.

**Cadro nº5: DESEMPREGO POR NIVEL DE INSTRUCIÓN**

	PRIMEIRO		SEGUNDO		TERCEIRO		CUARTO	
	H	M	H	M	H	M	H	M
UNIVERSITARIOS	10	39	8	37	10	44	14	47
BUP/BACHARELATO SUPERIOR/COU	20	19	19	16	12	18	12	25
FORMACIÓN PROFESIONAL	60	103	61	105	61	101	86	102
ENSINANZA OBRIGATORIA	167	232	165	229	157	222	178	228
ATA CERTIFICADO ESCOLARIDADE *	588	454	607	459	557	486	612	451
<b>TOTAL</b>	<b>845</b>	<b>847</b>	<b>860</b>	<b>846</b>	<b>797</b>	<b>871</b>	<b>902</b>	<b>853</b>

\* Inclúe certificado de escolaridade, estudos primarios sen certificado e sen estudos.



Concello de Camariñas



FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA





XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE TRABALLO  
E BENESTAR



SERVIZO PÚBLICO  
DE EMPREGO  
DE GALICIA



Axencia de  
Desenvolvemento  
Local de  
Camariñas



## O desemprego por sectores económicos



Cadro nº6: DESEMPREGO POR SECTORES ECONÓMICOS

	1º Trimestre			2º Trimestre			3º Trimestre			4º Trimestre		
	M	H	TOTAL	M	H	TOTAL	M	H	TOTAL	M	H	TOTAL
<b>SECTOR PRIMARIO</b>	37	86	123	37	74	111	36	51	87	37	58	95
<b>SECTOR SECUNDARIO</b>	183	94	277	178	100	278	194	100	294	186	101	287
<b>SECTOR CONSTRUCCIÓN</b>	42	418	460	49	404	453	37	400	437	34	476	510
<b>SECTOR SERVICIOS</b>	449	194	643	450	221	671	478	206	684	480	226	706
<b>SEN EMPREGO ANTERIOR</b>	137	52	189	132	61	193	126	40	166	116	41	157
<b>CON EMPREGO ANTERIOR</b>	710	793	1503	714	799	1510	745	757	1502	737	861	1598
<b>Total</b>	<b>847</b>	<b>845</b>	<b>1692</b>	<b>846</b>	<b>860</b>	<b>1706</b>	<b>871</b>	<b>797</b>	<b>1668</b>	<b>853</b>	<b>902</b>	<b>1755</b>


Máis do 89 %, das persoas desempregadas da Terra de Soneira son traballadores con experiencia profesional e, polo tanto, menos dun 11 % é demandante de primeiro emprego. Con respecto ó ano 2010, no 2011 diminuíron en tres puntos porcentuais os desempregados demandantes de primeiro emprego. Se analizamos os datos tendo en conta a variable sexo, observamos que o porcentaxe de mulleres desempregadas en busca de primeiro emprego é sensiblemente superior ó porcentaxe de homes nesta situación.



Concello de Camariñas



Os sectores con maior cantidade de desempregados son o sector servizos e a construción, seguindo as mesmas pautas do ano anterior. Atendendo á evolución por trimestres observamos distintas tendencias segundo o sector que avaliemos, non existindo unha pauta fixa. Así, no segundo e terceiro trimestre observamos a mesma tendencia, prodúcese un descenso de persoas desempregadas nos sectores primario e da construción, aumentando nos sectores secundario e servizos. No cuarto trimestre hai un aumento no número de desempregados no sector primario, construción e servizos diminuíndo soamente no sector secundario o número de persoas desempregadas.







UNIÓN EUROPEA

XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE TRABALLO  
E BENESTAR

Concello de Camariñas

Se temos en conta a variable sexo, o comportamento do desemprego nos distintos sectores varía considerablemente. En canto ós homes, o maior número de desempregados atopámolo no sector da construción, seguido a bastante distancia do sector servizos, a continuación situaríanse os sectores secundario e primario.

Se avaliamos os datos das mulleres o maior número de desempregadas atopámolo no sector servizos, seguido a bastante distancia do sector secundario. O número de mulleres desempregadas no sector primario e da construción é moi baixo, isto débese ó feito de que as mulleres non soen demandar traballo nestes sectores.



## A contratación na comarca por sectores económicos

Cadro nº 7: CONTRATACIÓN POR TRIMESTRE E SECTOR ECONÓMICO

	1º Trimestre			2º Trimestre			3º Trimestre			4º Trimestre		
	M	H	Total	M	H	Total	M	H	Total	M	H	Total
SECTOR PRIMARIO	12	91	103	10	130	140	22	111	133	9	49	58
SECTOR SECUNDARIO	39	32	71	38	24	62	25	53	78	27	35	62
SECTOR CONSTRUCIÓN	1	93	94	2	116	118	7	128	135	5	66	71
SECTOR SERVICIOS	354	86	440	286	107	393	384	251	635	293	90	383
<b>TOTAL</b>	<b>406</b>	<b>302</b>	<b>708</b>	<b>336</b>	<b>377</b>	<b>713</b>	<b>438</b>	<b>543</b>	<b>981</b>	<b>334</b>	<b>240</b>	<b>574</b>





Concello de Camariñas



FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE TRABALLO  
E BENESTAR




SERVIZO PÚBLICO  
DE EMPREGO  
DE GALICIA



Axencia de  
Desenvolvemento  
Local de  
Camariñas

ADL



No gráfico da evolución da contratación por sectores económicos obsérvase que a contratación aumenta no segundo trimestre nos sectores primario e construción, mentres que descende o número de contratos no sector secundario e, principalmente, no sector

servizos. No terceiro trimestre (época de verán) aumenta a contratación en tódolos sectores respecto ó trimestre anterior agás no primario. Os datos máis positivos neste trimestre atopámoslos no sector servizos (242 contratos máis no terceiro trimestre que no segundo). No cuarto trimestre prodúcese unha regresión considerable no número de contratacións en tódolos sectores.

Na contratación que se efectúa na comarca destaca o seu carácter maioritariamente feminino (50.87 %). As contratacións masculinas descenderon no ano 2011 un 2.46 % con respecto ó ano anterior (51.59 % no 2010 e 49.13 % no 2011). O sector máis feminizado é o sector servizos. O maior porcentaxe de contratos no caso dos homes dáse nos sectores primario, secundario e, principalmente, no sector da construción.

Se avaliamos a contratación por trimestres vemos que durante o 2011 as mulleres se incorporan ó mercado de traballo en maior número que os homes no primeiro e no derradeiro trimestre do ano. A maior diferenza nas contratacións femininas obsérvase no primeiro trimestre do ano. Cómpre salientar que no segundo e terceiro trimestre do ano observamos a tendencia contraria, maior número de contratacións masculinas.







Concello de Camariñas



## Evolución da contratación



No primeiro trimestre aínda que en tres dos sectores (primario, secundario e construción) se producen un maior número de contratacións masculinas os bos datos femininos no sector servizos fan que este trimestre sexa o máis positivo do ano en canto a contratacións femininas se refire.



Neste segundo trimestre continúa a mesma tendencia que no trimestre anterior en canto ós distintos sectores aínda que no sector secundario aumenta o peso porcentual das contratacións entre as mulleres con respecto ós homes.



Concello de Camariñas



FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE TRABALLO  
E BENESTAR




SERVIZO PÚBLICO  
DE EMPREGO  
DE GALICIA




Axencia de  
Desenvolvemento  
Local de  
Camariñas

ADL



Como se pode observar neste terceiro trimestre, coincidindo cos meses de verán, é no que se rexistran maior número de contratacións en todo o ano. Neste período é no que se produce a maior diferenza no número de contratacións masculinas con respecto ás femininas. Os bos datos masculinos danse sobre todo no sector secundario, no que por primeira vez no ano non só superan os homes ás mulleres senón que duplican as contratacións e, no sector servizos no que aínda que seguen dominando as mulleres se rebaixa a diferenza.





Concello de Camariñas



FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE TRABALLO  
E BENESTAR



SERVIZO PÚBLICO  
DE EMPREGO  
DE GALICIA



Axencia de  
Desenvolvemento  
Local de  
Camariñas



No cuarto trimestre observamos, ó igual que no primeiro do ano, que o número de contratacións femininas supera ás masculinas. As mulleres continúan liderando o sector servizos aumentando as diferenzas porcentuais respecto do trimestre anterior e confirmando a tendencia de ser o sector máis feminizado en canto a contratacións se refire en tódolos trimestres do ano. Os homes continúan a liderar os sectores primario, secundario e a construción. Este trimestre destaca tamén por ser no que menos contratacións se producen ó longo do ano.

### As ocupacións máis contratadas e demandadas.

Para esta análise collemos as 10 ocupacións nas que se realizan máis contratacións cada mes por sexo e agrupámolas por trimestres.

Cadro nº 8: AS OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS NA COMARCA MULLERES

	1º Trimestre	2º Trimestre	3º Trimestre	4º Trimestre
PEÓNS DAS INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS	91	47		9
TRABALLADORES DOS COIDADOS PERSOAIS A DOMICILIO	65	60	67	66
MATACHINS E TRABALLADORES DAS INDUSTRIAS CÁRNICAS	47			
CAMAREIROS ASALARIADOS	27	27	33	24
ENFERMEIROS ESPECIALIZADOS (AGAS MATRONOS)	26	16	23	24
ENFERMEIROS NON ESPECIALIZADOS	24	14	31	27
XASTRES, MODISTAS, PELETEIROS E SOMBREIREIROS	18	23		6
PERSOAL DE LIMPEZA DE OFICINAS, HOTEIS E OUTROS ESTABLECEMENTOS SIMILARES	10	14	21	20
COCIÑEIROS ASALARIADOS	8	11	23	6
VENDEDORES EN TENDAS E ALMACÉNS	8	22	15	9
EMPREGADOS ADMINISTRATIVOS CON TAREFAS DE ATENCIÓN Ó PÚBLICO NON CLASIFICADOS BAIXO OUTRAS EPIGRAFES	8		11	
OPERADORES DE MÁQUINAS DE COSER E BORDAR	8			6
AXUDANTES DE COCIÑA		10	41	
TRABALLADORES DAS INDUSTRIAS DO PEIXE		10		45
COIDADORES DE NENOS EN GARDERÍAS E CENTROS EDUCATIVOS			20	
PESCADORES DE ALTURA			17	
OUTRO PERSOAL DE LIMPEZA			14	



Concello de Camariñas



UNIÓN EUROPEA



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE TRABALLO  
E BENESTAR



No caso das mulleres, entre as ocupacións máis contratadas (17) atopamos tres grupos:

1. Aquelas ocupacións que aparecen entre as dez primeiras durante tódolos trimestres ou en tres polo menos: peóns das industrias manufactureiras; traballadores dos coidados persoais a domicilio; camareiros asalariados; enfermeiros especializados (agás matronos); enfermeiros non especializados; xastres, modistas, peleteiros e sombreireiros; persoal de limpeza de oficinas, hoteis e outros establecementos similares; cociñeiros asalariados; vendedores en tendas e almacéns
2. Ocupacións estacionais que só destacan nun trimestre: matachíns e traballadores das industrias cárnicas; coidadores de nenos en garderías e centros educativos; pescadores de altura; outro persoal de limpeza.
3. Ocupacións que destacan nun par de trimestres: empregados administrativos con tarefas de atención ó público non clasificados baixo outras epígrafes; operadores de máquinas de coser e bordar; axudantes de cociña; traballadores das industrias do peixe.

Dos datos anteriores de ocupacións máis contratadas entre as mulleres chámannos poderosamente a atención catro epígrafes, matachíns e traballadores das industrias cárnicas; pescadores de altura; enfermeiros especializados (agás matronos) e enfermeiros non especializados. Tentando analizar a orixe destes datos observamos que as contratacións nas dúas primeiras ocupacións rexístranse no concello de Camariñas mentres que as relacionadas coa rama sanitaria se concentran na súa totalidade no concello de Vimianzo. No caso dos matachíns e traballadores das industrias cárnicas, esta ocupación só aparece como de maior contratación no primeiro trimestre, feita unha análise das empresas radicadas no noso territorio e despois de consultar á oficina de emprego de referencia chegamos á conclusión que pode tratarse dun erro de codificación ou por mor da anterior codificación realizada a través do CNO que tiña un código que facía referencia a traballadores das industrias cárnicas e do peixe xa que, ó noso modo de ver estas contratacións farían referencia ás contratacións das empresas conserveiras, de polbo e de ourizos do concello.



Concello de Camariñas



UNIÓN EUROPEA



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE TRABALLO  
E BENESTAR



Respecto da ocupación de pescadores de altura tamén consideramos que esta non é unha das ocupacións máis contratadas no concello no ámbito feminino (si no caso dos homes), as contratacións pesqueiras prodúcense máis ben na pesca de augas costeiras.

No que fai referencia ás contratacións da rama sanitaria, na súa totalidade no concello de Vimianzo como se comentou máis arriba, chámanos a atención este dato porque neste concello só aparece radicada unha residencia xeriátrica con 150 prazas que nos parece complicado que poida absorber tantas contratacións (185). Unha vez comentado o caso coa oficina de emprego de Cee, nos comentan que si ven viable ese número de contratacións na rama sanitaria dado que no 2011 o centro xeriátrico de Vimianzo xestionou algunha oferta de emprego a través da oficina ademais de realizar contratacións de xeito directo. A ocupación na que soen contratar máis persoal é a de auxiliar de enfermería e os contratos adoitan ser de curta duración (na oficina de emprego comentan que moitos deles son de duración mensual) dato que explicaría o alto número de contratos cada trimestre. Observamos neste caso tamén un erro de codificación dado que os contratos aparecen codificados con códigos de enfermeiros, ocupación na que é precisa unha titulación universitaria, cando se trata de auxiliares de enfermería, ocupación á que se accede dende un ciclo medio.

O exemplo anterior tamén pon de manifesto que aínda que o número de contratacións é alto a calidade dos contratos é baixa no que a tempo se refire.



Concello de Camariñas



FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE TRABALLO  
E BENESTAR



SERVIZO PÚBLICO  
DE EMPREGO  
DE GALICIA



Axencia de  
Desenvolvemento  
Local de  
Camariñas

ADL

## Cadro nº 9: AS OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS NA COMARCA HOMES

	1º Trimestre	2º Trimestre	3º Trimestre	4º Trimestre
PESCADORES DE ALTURA	68	94	77	30
ENCOFRADORES E OPERARIOS DE POSTA EN OBRA DE FORMIGÓN	23	28		
ALBANEIS	22	25	32	21
FONTANEIROS	12			
TRABALLADORES DOS SERVIZOS DE PROTECCIÓN E SEGURIDADE NON CLASIFICADOS BAIXO OUTRAS EPÍGRAFES	10			
TRABALLADORES CUALIFICADOS EN ACTIVIDADES FORESTAIS E DO MEDIO NATURAL	9	17		
COMPOSITORES, MÚSICOS E CANTANTES	8		15	11
CARPINTEIROS (AGÁS EBANISTAS)	7			6
SOLLADORES, COLOCADORES DE PARQUÉ E AFÍNS	7	12	9	11
CAMAREIROS ASALARIADOS	7	18	69	7
PEÓNS DAS INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS	7			
PEÓNS DA CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIOS		13		
OPERADORES DE MAQUINARIA DE MOVEMENTOS DE TERRAS E EQUIPOS SIMILARES		12		6
CONDUTORES ASALARIADOS DE AUTOMOBILES, TAXIS E FURGONETAS		10		
PESCADORES DE AUGAS COSTEIRAS E AUGAS DOCES		9	16	9
MECÁNICOS E AXUSTADORES DE VEHÍCULOS DE MOTOR		9		
PEÓNS DE OBRAS PÚBLICAS			45	14
OUTRO PERSOAL DE LIMPEZA			22	
CONDUTORES DE AUTOBUSES E TRANVÍAS			22	
INSTALADORES DE CERRAMENTOS METÁLICOS E CARPINTEIROS METÁLICOS (AGAS MONTADORES DE ESTRUTURAS METÁLICAS)			14	
CONDUTORES ASALARIADOS DE CAMIÓN			10	
PROFESORES DE FORMACIÓN PROFESIONAL (MATERIAS ESPECÍFICAS))				9

En canto ós homes, nas ocupacións máis contratadas (22) atopamos 3 grupos pero só coinciden tres ocupacións coas máis contratadas entre as mulleres polo que apreciamos claramente a segregación horizontal das ocupacións e contratacións por sexo.

1. Aquelas ocupacións que aparecen entre as dez primeiras durante tódolos trimestres ou en tres polo menos: pescadores de altura; albaneis; compositores, músicos e cantantes; solladores, colocadores de parque e afíns; camareiros asalariados; pescadores de augas costeiras e augas doces. Estas ocupacións constitúen o 27 % das ocupacións analizadas.



Concello de Camariñas



2. Ocupacións estacionais que só destacan nun trimestre: fontaneiros; traballadores dos servizos de protección e seguridade non clasificados baixo outras epígrafes; peóns das industrias manufactureiras; peóns da construción de edificios; condutores asalariados de automóbiles, taxis e furgonetas; mecánicos e axustadores de vehículos de motor; outro persoal de limpeza; condutores de autobuses e tranvías; instaladores de cerramentos metálicos e carpinteiros metálicos (agás montadores de estruturas metálicas); condutores asalariados de camións; profesores de formación profesional (materias específicas).
3. Ocupacións que destacan nun par de trimestres: encofradores e operarios de posta en obra de formigón; traballadores cualificados en actividades forestais e do medio natural; carpinteiros (agás ebanistas); operadores de maquinaria de movementos de terras e equipos similares; peóns de obras públicas.

Á vista dos anteriores resultados podemos concluír que as ocupacións e sectores nos que se producen o maior número de contratacións adoitan ser bastante estables ó longo do ano. Entre as 10 ocupacións nas que se produce un maior número de contratos en cada trimestre, que ó final do ano da lugar a 17 ocupacións no caso das mulleres e 22 no caso dos homes, só coinciden homes e mulleres en tres, o que reflicte a segregación horizontal por sexos xa apuntada. Estas ocupacións serían: peóns das industrias manufactureiras; pescadores de altura; outro persoal de limpeza.

**Cadro nº 10: DEMANDAS DE EMPREGO DOS PARADOS. MULLERES.**

	1ºTRIMESTRE	2ºTRIMESTRE	3ºTRIMESTRE	4ºTRIMESTRE
<b>Persoal de limpeza ou limpador, en xeral</b>	445	444	464	435
<b>Dependentes de comercio, en xeral</b>	202	212	208	219
<b>Mozos de recollida de lixos - vertedoiros</b>	181	200	202	183
<b>Peóns forestais</b>	165	156	167	148
<b>Asistentes domiciliarios</b>	129	124	142	142
<b>Peón de obras públicas, en xeral</b>	120	139	148	136
<b>Pinches de cociña</b>	119	118	120	125
<b>Empregados administrativos, en xeral</b>	93	93	93	94
<b>Op. máquina ind. coser á plana</b>	89	86	85	91
<b>Caixeiro de comercio</b>	73	73		83
<b>Repoñedores de hipermercado</b>			81	





Concello de Camariñas



UNIÓN EUROPEA



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE TRABALLO  
E BENESTAR




SERVIZO PÚBLICO  
DE EMPREGO  
DE GALICIA



### Cadro nº 11: DEMANDAS DE EMPREGO DOS PARADOS. HOMES.

	1ºTRIMESTRE	2ºTRIMESTRE	3ºTRIMESTRE	4ºTRIMESTRE
<b>Albaneis</b>	255	249	242	277
<b>Peóns da construción de edificios</b>	215	220	212	232
<b>Peóns de obras públicas, en xeral</b>	179	221	188	210
<b>Peóns forestais</b>	171	169	154	174
<b>Mozos de recollida de lixos - vertedoiros</b>	130	163	141	158
<b>Encofradores</b>	119	108	103	126
<b>Condutores de camións, en xeral</b>	81	84	85	108
<b>Persoal de limpeza ou limpador, en xeral</b>	69	79	69	71
<b>Condutores de furgonetas ata 3.5 T</b>	66	81	79	94
<b>Mariñeiros de buque de pesca</b>	63	51		
<b>Traballadores de retén de incendios forestais</b>			44	59





Concello de Camariñas



FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA




XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE TRABALLO  
E BENESTAR



SERVIZO PÚBLICO  
DE EMPREGO  
DE GALICIA



Axencia de  
Desenvolvemento  
Local de  
Camariñas



Cadro nº 12: AS OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS E DEMANDADAS NA COMARCA

	CONTRATOS			DEMANDAS		
	MULLERES	HOMES	TOTAL	MULLERES	HOMES	TOTAL
PEÓN INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS	147	7	154			
SERVIZOS A PERSOAS DEPENDENTES	278		278	134		134
OCUPAC. RELACIONADAS CO COMERCIO	54		54	287		287
OCUPAC. RELACIONADAS COA RESTAURACIÓN	210	101	311	120		120
OCUPAC. RELACIONADAS CO SECTOR TÉXTIL	61		61	88		88
OCUPAC. RELACIONADAS COA LIMPEZA	79	22	101	447	72	519
OCUPACIÓNS AGROFORESTAIS		26	26	159	193	352
TRANSPORTE E MANTEMENTO DE VEHÍCULOS		51	51		169	169
OCUPAC. DE TIPO ADMINISTRATIVO	19		19	93		93
OCUPACIÓNS AGROALIMENTARIAS	102		102			
MANTEMENTO VÍAS, LIMPEZA PRAIAS E CONDUTORES DE MAQUINARIA DE TERRAS		77	77	327	347	674
ACTIVIDADES SANITARIAS	185		185			
OCIO E TEMPO DE LECER		34	34			
OCUPAC. RELACIONADAS COA PESCA	17	303	320		29	29
CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIOS		164	164		590	590
PROTECCION E SEGURIDADE		10	10			
OUTRAS OCUPAC. DA CONSTRUCCIÓN RELACIONADAS CO ACABADO DE EDIFICIOS		78	78			
SERVIZOS PROFESIONAIS		9	9			



Concello de Camariñas



FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE investe no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE TRABALLO  
E BENESTAR




SERVIZO PÚBLICO  
DE EMPREGO  
DE GALICIA



Axencia de  
Desenvolvemento  
Local de  
Camariñas

ADL



Para poder comparar mellor as ocupacións máis contratadas e demandadas agrúpámolas por CNO (código nacional de ocupación) similares, dentro do mesmo sector cos seguintes criterios:

- Peóns das industrias manufactureiras: Non se agrupa con ningunha outra ocupación porque falta información sobre o sector concreto de ocupación e podería ser tanto do sector téxtil como do conserveiro, entre outros.
- Servizos a persoas dependentes: traballadores dos coidados persoais a domicilio; coidadores de nenos en garderías e centros educativos.
- Ocupacións relacionadas co comercio: vendedores en tendas e almacéns; dependentes de comercio, en xeral; repoñedores de hipermercado; caixeiros de comercio.
- Ocupacións relacionadas coa restauración: camareiros asalariados; cociñeiros asalariados; axudantes de cociña; pinches de cociña.
- Ocupacións relacionadas co sector téxtil: xastres, modistas, peleteiros e sombreireiros; operadores de máquinas de coser e bordar; operarios de máquina industrial de coser á plana.



Concello de Camariñas



FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE TRABALLO  
E BENESTAR



SERVIZO PÚBLICO  
DE EMPREGO  
DE GALICIA



- Ocupacións relacionadas coa limpeza: persoal de limpeza de oficinas, hotéis e outros establecementos similares; outro persoal de limpeza; persoal de limpeza ou limpador, en xeral.
- Ocupacións agroforestais: traballadores cualificados en actividades forestais e do medio natural; peóns forestais; traballadores de retén de incendios forestais.
- Transporte e mantemento de vehículos: condutores asalariados de automóviles, taxis e furgonetas; mecánicos e axustadores de vehículos de motor; condutores de autobuses e tranvías; condutores de camións, en xeral; condutores de furgonetas ata 3.5 T.
- Ocupacións de tipo administrativo: empregados administrativos con tarefas de atención ó público non clasificados baixo outras epígrafes; empregados administrativos, en xeral .
- Ocupacións agroalimentarias: matachíns e traballadores das industrias cárnicas; traballadores das industrias do peixe.
- Mantemento de vías, limpeza de praias e condutores de maquinaria de terras: operadores de maquinaria de movementos de terras e equipos similares; peóns de obras públicas; mozos de recollida de lixos – vertedoiros; peóns de obras públicas, en xeral.
- Actividades sanitarias: enfermeiros especializados (agás matronos); enfermeiros non especializados.
- Ocio e tempo de lecer: compositores, músicos e cantantes.
- Ocupacións relacionadas coa pesca: pescadores de altura; pescadores de augas costeiras e augas doces; mariñeiros de buque de pesca.
- Construción de edificios: encofradores e operarios de posta en obra de formigón; albaneis; peóns da construción de edificios; encofradores.
- Protección e seguridade: traballadores dos servizos de protección e seguridade non clasificados baixo outras epígrafes.
- Outras ocupacións da construción relacionadas co acabado de edificios: fontaneiros; carpinteiros (agás ebanistas); solladores, colocadores de parqué e afíns; instaladores de cerramentos metálicos e carpinteiros metálicos (agás montadores de estruturas metálicas).



Concello de Camariñas



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE TRABALLO  
E BENESTAR



- Servizos profesionais: profesor de formación profesional (materias específicas).

Co fin de realizar a comparación dos datos numéricos cómpre indicar que collemos os datos das 10 ocupacións máis demandadas e as 10 máis contratadas en cada trimestre no ámbito masculino e no ámbito feminino. O número de contratos que aparecen no cadro 8 está realizado a partir do sumatorio das táboas de contratación. En canto ás demandas calculamos a media trimestral que correspondería a cada ocupación e sumamos as ditas medias segundo os nosos grupos sectoriais.

Se realizamos a comparación entres as ocupacións máis contratadas e demandadas agrupadas por CNO segundo os criterios anteriormente sinalados, podemos concluí-lo seguinte:

- 1.- Na gran maioría das ocupacións estudadas atopamos un número de demandas superior ó número de contratacións. Estaríamos, polo tanto, ante postos de traballo que se ocupan no mercado laboral aínda que na maioría dos casos a demanda está bastante descompensada xa que se producen moitas máis demandas que contratacións.
- 2.- Un segundo grupo serían as ocupacións contratadas que non aparecen entre as máis demandadas, isto sucede con 6 das estudadas: peóns das industrias manufactureiras; ocupacións agroalimentarias; actividades sanitarias; ocio e tempo de lecer; protección e seguridade; outras ocupacións da construción relacionadas co acabado de edificios. Isto indicaría que este tipo de contratacións non se están a facer a través do SPE.
- 3.- No caso das ocupacións relacionadas cos servizos a persoas dependentes; restauración e pesca, aínda que aparecen entre as primeiras tanto en número de contratos como en demandas, a contratación supera a demanda polo que quedarían prazas vacantes.
- 4.- Este ano, por terceira vez consecutiva, non temos ocupacións demandadas que non aparecen entre as máis contratadas o que podería apuntar a unha mellor adecuación entre oferta e demanda e á mellor orientación e intermediación laboral no territorio se esta tendencia se confirma en próximos anos.



Concello de Camariñas



UNIÓN EUROPEA



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE TRABALLO  
E BENESTAR



Cómpre salientar que as ocupacións mozos de recollida de lixos – vertedoiros e peóns de obras públicas, en xeral son dúas das ocupacións máis demandadas en ambos sexos porque son códigos que os concellos utilizan para as súas ofertas de limpeza de praias, rúas e mantemento de vías e obras polo que as persoas demandantes desta ocupación solicitan este traballo aínda que despois non aparece reflectido nos contratos porque se especifican ocupacións como persoal de limpeza de praias, operario de servizos múltiples,...

Tanto as contratacións como as demandas se caracterizaban por reflectir a segregación horizontal por sexo en sectores e ocupacións, aínda que este ano continúa a tendencia no aumento do número de demandas por parte das mulleres en ocupacións masculinizadas. Así destacamos as ocupacións de mantemento de vías e limpeza de praias e as ocupacións forestais. Cómpre salientar que esta tendencia da demanda feminina vén favorecida pola intervención da administración xa que eses códigos soen empregarse para as contratacións dos concellos de limpeza de praias, mellora en espazos e vías e contratacións por parte de SEAGA para a campaña de incendios.

Á vista dos resultados anteriores cómpre intervir e orientar cara a demanda naquelas ocupacións de postos que non se cobren. No caso dalgunha ocupación pode ser un problema de elección na codificación porque ó existir tantas ocupacións similares ás veces non se solicita traballo nun código pero si aparecen outros códigos similares.

Outro problema é a dificultade para codificar algunha ocupación, un exemplo claro son as contratacións que fan os concellos para a tempada de verán xa que en moitas ocasións contratan persoal como operarios de servizos múltiples ou para limpeza de praias, códigos que non existen no CNO co que cada concello á hora de realiza-la oferta de emprego no SPEG o fai por un código distinto. No caso exposto nos concellos da zona poden empregarse ata 4 códigos distintos (peóns das industrias manufactureiras; peóns de obras públicas, en xeral; mozos de recollida de lixos – vertedoiros, peóns forestais).



UNIÓN EUROPEA



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE TRABALLO  
E BENESTAR



**Concello de Camariñas**

De todo isto concluímos que o obxectivo da orientación segue a ser a mellor relación entre os recursos humanos e as necesidades do mercado laboral a través de mecanismos informativos e formativos que equilibren recursos e necesidades.